

PROGRAMACIÓN XERAL

DO SEGUNDO CICLO

DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021 - 2022

INTRODUCCION

O CEIP SAN SALVADOR está ubicado no Outeiro do Sino no Concello de Vigo, na parroquia de Teis. É limítrofe con Chapela, na periferia da cidade. O nivel socioeconómico e cultural é medio baixo, cun grande número de familias que están en situación de paro e tamén cun número sinificativo de familias desestructuradas ,o que fai que o incremento de alumnado con necesidades educativas especiais sexa constante.

A zona non conta cuns recursos sociais e culturais próximos; teñen que desplazarse varios kilómetros e o transporte público é escaso e irregular.

O centro oferta como servicios o transporte escolar, comedor, biblioteca.

O transporte escolar propicia que o número de matrícula se sosteña porque moitos dos nenos/as veñen dende o centro da cidade.

O **2º Ciclo de Infantil** para o curso 2021-2022 conta con 2 aulas (4º e 5º de infantil mixta e a outra 6º de infantil), que escolarizan actualmente a 21 nenos/as en total. O Equipo docente de Ciclo está composto por 2 mestras especialistas, xunto cos especialistas correspondentes.

Este é un curso marcado pola pandemia Covid-19, como o foi o curso 2020-21, seguimos suxeitos aos protocolos que imperaron naquel momento, uso de máscaras, lavado de mans, grupo burbulla... e todas aquelas que a autoridade sanitaria dicte.

O Equipo de ciclo tomou a decisión de que continuaremos facendo fincapé na educación emocional e a educación na saúde, traballadas transversalmente.

Funcionaremos, segundo as instrucións do Protocolo de Adaptación ao contexto COVID-19, vixentes en materia de seguridade nos centros educativos, como grupos burbulla. A distribución nas aulas respectivas, segue dita lexislación, en canto a distancias e a desinfección constantes.

Como recursos contamos coa dotación base de aula, a biblioteca, a aula de informática, as mesas de cultivo e o que nos aporta o entorno. Dadas as restricións que rixen as actividades de aula tentaremos aprobeitalas ao máximo rexéndonos sempre polas medidas de seguridade imperantes.

O alumnado da aula de 4º de ed. Infantil tivo durante o mes de setembro, dentro do estipulado por lei, un periodo de adaptación. En xeral, non houbo problemas neste senso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

COÑECEMENTO DE SI MESMO/A E AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVOS

- Coñecer e explora-lo seu corpo, identificando os seus segmentos e elementos, adquirindo progresivamente unha imaxe axustada de si mesmo.
- Identificar as características, calidades, posibilidades e limitacións persoais, e tomar conciencia das diferenzas físicas entre o seu corpo e o dos demais, aceptándoas, respectándoas e adoptando actitudes non discriminatorias.
- Coñecer e identificar a existencia doutras persoas dentro do noso medio e fóra del pertencentes a outras razas que posúen diversos trazos físicos e que teñen distintas formas de vida, hábitos e algúns costumes diferentes ós nosos.
- Descubrir as posibilidades motrices e posturais do seu corpo, mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e o descubrimento e empregalas coordinadamente e axeitalas ás diversas actividades cotiás, lúdicas e de expresión.
- Aumentar o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa na resolución de problemas da vida cotiá e desenvolver estratexias para satisfacer de forma progresivamente autónoma as súas necesidades básicas.

- Identificar as sensacións e percepcións do propio corpo de forma que lle permitan controla-las súas necesidades básicas; utiliza-los sentidos como medio para explora-lo seu corpo e o seu medio próximo circundante..
- Afianzar a coordinación óculo-manual necesaria para as habilidades motrices de carácter fino.
- Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu propio corpo, e ser capaz de interpretar nocións direccionais con este.
- Continuar a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, coa seguridade e co coidado, tanto persoal coma do ambiente escolar.
- Adquirir progresivamente hábitos de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Identificar e localiza-los sentidos, empregándoos para percibir as distintas sensacións corporais e descubrir as calidades e propiedades dos obxectos.
- Identificar os sentimentos, emocións, desexos e necesidades propias e dos demais, e desenvolver unha actitude comunicativa.
- Adquirir nocións básicas de orientación temporal, e ser capaz de aplicar estas nocións nas súas vivencias habituais.
- Ser capaz de planificar e secuenciar a propia acción para resolver problemas da vida cotiá, e desenvolver actitudes de colaboración e axuda con nenas, nenos e adultos,

CONTIDOS

Bloque I. O corpo e a propia imaxe.

- Imaxe global do corpo.
- Sentimentos e emocións propios e dos demais.
- Sensacións e percepcións.
- Os sentidos e a súa función na percepción.

- O oído, o olfato, o gusto e o tacto.
- Exploración e identificación do propio corpo e dos segmentos corporais.
- Comparación do propio corpo co dos demais, establecendo semellanzas e diferenzas.
- Aceptación das características e identidade dos demais.
- Descubrimento e afianzamento da propia lateralidade, e libre desenvolvemento desta.
- Experimentación da noción dereita do seu corpo.
- Utilización dos sentidos na percepción da realidade exterior e na exploración de obxectos.
- Identificación das necesidades e sensacións do propio corpo.
- Desexos de coñece-lo seu corpo e os elementos que o forman
- Actitude non discriminatoria ante as peculiaridades persoais dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Tolerancia coas características corporais das súas compañeiras e dos seus compañeiros.
- Respetto polas diferenzas entre as persoas.
- Actitude de aceptación, comprensión, tolerancia e respecto cara ás persoas pertencentes a diferentes razas e formas de vida.
- Valoración de todo o que pode percibir a través dos sentidos.
- Confianza nas capacidades propias para satisfacer as necesidades básicas.
- Prazer por ser progresivamente autónomo

Bloque II. Xogo e movemento.

- Actividades da vida cotiá: de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos.
- Movementos e posturas do corpo e os seus segmentos.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Reprodución de diferentes posturas co corpo e adaptación do ton ás diversas situacións e actividades.
- Control do movemento en actividades motrices e manipuladoras.
- Adquisición de novas habilidades motrices.
- Gozo co descubrimento das posibilidades motrices e posturais do seu corpo.
- Gusto polo xogo.

Bloque III. A actividade cotiá.

- Hábitos de hixiene, alimentación e seguridade e a súa relación coa saúde.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Identificación e expresión de sentimentos, necesidades, desexos propios e dos demais.
- Adecuación do comportamento a distintas situacións de actividade, tanto na casa coma na escola.
- Desenvolvemento de hábitos elementais de organización, atención, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades.

Bloque IV. O coidado persoal e a saúde..

- Colaboración no mantemento da orde e limpeza na casa e na clase.
- Progresiva adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Desenvolvemento de hábitos relacionados coa alimentación, coa hixiene e co coidado da saúde, emprego autónomo dos útiles necesarios en cada caso.
- Deleite por manter limpas a súa casa e a súa escola.
- Interese por adquirir hábitos novos de alimentación, hixiene e seguridade persoal.
- Constancia da importancia de contribuír a manterse san ou sá.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

OBXECTIVOS

- Adquirir progresivamente un coñecemento lóxico-matemático, describindo obxectos e situacións, as súas propiedades e as relacións que entre eles se establecen a través da experimentación activa.
- Identificar e recoñecer os cardinais desde o 0 ata o 9, controlando a direccionalidade da súa grafía e asociando o número coa cantidade.

- Situar-se espacialmente respecto a nocións básicas, identificando estas nocións en si mesmo/a e nos obxectos.
- Utilizar adecuadamente cuantificadores e nocións básicas de medida.
- Identificar e recoñecer as formas planas.
- Recoñecer algunhas formas xeométricas diferenciando unhas doutras.
- Aplicar modificacións cuantitativas en coleccións de elementos, reparando no proceso e nos resultados obtidos.
- Agrupar obxectos por calidades e propiedades e determinar o seu aspecto cuantitativo aplicando o cardinal correspondente.
- Empregar as formas de representación matemática para resolver problemas da vida cotiá.
- Describir diversas situacións espaciais e as accións que podemos realizar sobre elas, atendendo ao proceso e aos resultados obtidos.
- Observar os cambios que se producen no medio natural coa chegada das diferentes estacións, constatando a influencia do tempo atmosférico na forma de organizaren a vida as persoas, e observando e manipulando os diversos obxectos relacionados co vestido propios de cada estación.
- Valorar, respectar e coidar o medio natural, intervindo na medida das súas posibilidades.
- Orientarse autonomamente no ámbito escolar e coñecer a organización do colexio, establecendo relacións máis amplas coas persoas que nel están, respectando e valorando o traballo que realizan e as normas de comportamento e organización da súa clase.
- Aceptar a propia situación familiar, desenvolvendo actitudes de afecto e respecto cara aos membros da súa familia, valorando e asimilando as súas normas de convivencia.
- Coñecer as características da súa vivenda, os seus espazos e funcións, diferenciando os diversos materiais que se empregan para construír unha casa.

- Coñecer e valorar as profesións relacionadas co colexio, coa construción, co lecer e co coidado do medio natural e preguntar, interpretar e opinar sobre elas.
- Coñecer as relacións de interdependencia, equilibrio e utilidade que existen entre os seres vivos, valorando a importancia que teñen para a vida e a conservación do medio.
- Identificar as características morfolóxicas e funcionais dalgúns animais próximos ao seu medio e doutros medios afastados, establecendo relacións entre as características do medio físico e as diferentes formas de vida.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...
- Observar e explorar o seu medio inmediato: a rúa, o barrio, os elementos presentes nel, e amosar interese e curiosidade cara aos seus acontecementos relevantes preguntando e opinando sobre eles co fin de desenvolver a súa espontaneidade e orixinalidade.
- Coñecer algunhas das formas máis habituais da organización humana: os medios de transporte e os medios de comunicación e información, valorándoos positivamente.
- Fomentar nos nenos e nenas a actitude de compartir os seus xoguetes e xogos, e a aceptación das normas implícitas, desenvolvendo hábitos de convivencia e amizade, e rexeitamento polos xogos violentos.
- Achegarse a diferentes culturas, valorando e apreciando a pluralidade cultural, coñecendo diferentes formas de vida, distintos costumes, tradicións, festas, linguas...

CONTIDOS

Bloque 1.- Medio físico: elementos, relacións e medida

-Nocións básicas de medida: tamaño: longo-curto, grande-mediano-pequeno, ancho-estreito, goso-delgado, pesado-lixero.

- Uso adecuado dos cuantificadores básicos: cheo-baleiro, máis que-menos que, tantos como, un-varios, enteiro-metade, ningún-varios.
- Expresión da situación espacial dos obxectos e de si mesmo/a: arredor, entre, diante-detrás, aberto-pechado, esquerda-dereita, preto-lonxe, xunto-separado,...
- Interese por coñecer a organización espacial e temporal.
- Identificación de formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e óvalo.
- Identificación de corpos xeométricos: a esfera e o cubo.
- Observación, manipulación e comparación de figuras.
- Nocións básicas de orientación temporal.
- A serie numérica: os cardinais ata o 9.
- Identificación dos números controlando a direccionalidade da súa grafía.
- Valoración da utilidade dos números.
- Composición e descomposición de números.
- Identificación do cardinal anterior a cada un dos xa coñecidos.
- Utilización do cardinal para determinar cantidades.
- Aplicación de nocións de cantidade.
- Gusto por comparar e contar obxectos.
- Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series.
- Ordenación de obxectos segundo diversas leis de seriación.
- Propiedades dos obxectos: recto-curvo-lineal, lixeiro-pesado, suave-áspero, simetría, brando-duro, liso-rugoso, frío-quente, doce-salgado, rápido-lento.

- Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súascaracterísticas e propiedades.
- Interese por descubrir as propiedades dos obxectos.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen repartir.
- Construción da serie numérica por adición da unidade.
- Iniciación á suma e resta.
- Esforzo e interese por resolver situacións mediante as operacións e os números.
- Pracer coa actividade matemática.
- Gusto e gozo coa manipulación de obxectos.
- Interese por descubrir a medida dos obxectos.

Bloque 2.- Achegamento á natureza

- Fenómenos atmosféricos, plantas características, froitos, vestidos... relacionados co clima.
- Interese por apreciar os cambios que se producen no medio relacionados co clima.
- Animais de diferentes hábitats e de diversos medios. Características morfolóxicas e funcionais.
- Recoñecemento das características dalgúns animais e do medio no que viven.
- Pracer por coñecer animais de medios afastados e outros hábitats.
- Desenvolvemento da vida das plantas.
- Observación directa de plantas.
- Identificación do coidado que necesitan animais e plantas.
- O papel das persoas na conservación do medio.
- A contaminación.
- Desexos de contribuír á conservación do medio natural.

Bloque 3.- Cultura e vida en sociedade

- Familia: membros, parentesco, situación familiar e normas de convivencia.
- Recoñecemento de si mesmo/a como membro da súa familia. Identificación do lugar que ocupa nela.
- Descrición de datos relacionados coa súa propia familia.
- A casa: características internas e externas, espazos, obxectos. Tipos de vivenda.
- O seu enderezo e teléfono.
- Normas de seguridade viaria.
- Adaptación ós hábitos horarios establecidos na casa.
- Utilización adecuada dos obxectos e espazos da casa.
- Gusto por desenvolverse con autonomía na súa casa e no colexio.
- Desexos de coñecer diferentes tipos de vivenda.
- A clase e o colexio: espazos, obxectos e normas de comportamento.
- Profesións: relacionadas co colexio (profesor/a, director/a, limpador/a, xardineiro/a), co medio (carteiro/a, garda, vendedor/a, varredor/a), cos medios de transporte (piloto, condutor/a, azafato/a, capitán/á de barco), coa diversión e o lecer, e cos medios de comunicación (actor/actriz, presentador/a).
- Coñecemento e valoración das diferentes profesións.
- Valoración e respecto ás diferentes profesións.
- Orientación autónoma na clase e nos espazos do colexio, asociándoos coa actividade que desenvolve neles.
- Participación na elaboración das normas e pautas de comportamento na clase e na casa.
- Actitude de colaboración e axuda coas súas compañeiras e compañeiros e cos adultos.
- Discriminación e rexeitamento de xogos e xoguetes que impliquen violencia ou perigo.

- Observación do medio urbano descubriendo os seus elementos e características.
- Observación de diversos servizos relacionados co consumo, o lecer e a diversión.
- Medios de transporte públicos e privados.
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados na utilización dos medios de transporte.
- Asimilación das normas de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación e información.
- Gozo co coñecemento dos medios de comunicación e información.
- Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...
- Festas e celebracións do ano.
- Contribución ao mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminados.
- Identificación de sensacións asociadas ás calidades dalgúns obxectos.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Empregar as diversas linguaxes de forma cada vez máis correcta, expresando ideas, sentimentos e desexos en conversacións colectivas, adaptándose ás distintas situacións de comunicación e respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Progresar na expresión oral introducindo nas súas producións variacións morfolóxicas, utilizando as palabras do vocabulario e construíndo frases cunha estruturación correcta.
- Valorar a linguaxe escrita como medio de información e comunicación, descubriendo e identificando os seus instrumentos e elementos básicos.

- Achegarse á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando diversos textos sinxelos tendo en conta as diferentes etapas dentro do proceso da adquisición da lingua escrita.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e fonte de pracer.
- Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas palabras básicas en lingua estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá e coas actividades que se realizan dentro da aula.
- Utilizar as posibilidades da expresión plástica, musical e corporal para representar obxectos, situacións, ideas... ampliando as súas posibilidades comunicativas e desenvolvendo a creatividade e adquirindo sensibilidade estética.
- Comprender as mensaxes audiovisuais emitidas por algúns instrumentos tecnolóxicos (ordenador, televisión, DVD, reprodutores musicais, videoxogos...), e entender a importancia e a necesidade de utilizalos moderadamente.
- Achegarse o coñecemento , emprego e valoración das tic (ordenadores, internet, encerado dixital) como ferramentas de busca de información , creación e comunicación.
- Manifestar interese cara ás audicións de sons producidos por obxectos, instrumentos ou a voz, identificando algunhas calidades.
- Mellorar no control da respiración nas actividades de movemento e relaxación.
- Representar obxectos, situacións e persoas a través das distintas técnicas da plástica.
- Respetar as creacións artísticas das súas compañeiras e compañeiros e do medio cultural ao que pertencen.
- Recoñecer e identificar os sons do propio corpo e os do contorno.

CONTIDOS

Bloque 1.- Linguaxe verbal

***Escoitar, falar e conversar:**

- Utilización da linguaxe oral como medio de comunicación i expresión de distintos contidos e intencións.
- Utilización adecuada das formas socialmente establecidas para solicitar, agradecer e despedirse.
- Participación en conversacións colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Producción de mensaxes progresivamente máis complexas, combinando o xesto, a palabra, a mirada e a entoación.
- Construción de frases orais afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas coas palabras do vocabulario, respectando a concordancia de xénero e número.
- Producción de frases en futuro utilizando as variedades morfolóxicas do tempo verbal.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles.
- Participación en situacións de comunicación en diferentes contextos y con interlocutores diversos usando argumentos e respectando quendas e escoitando atentamente.
- Comprensión das intención comunicativas dos demais en diferentes situacións e actividades, respectando as normas establecidas.
- Respecto polas opinións e ideas que expresan as súas compañeiras e os seus compañeiros.

***Aproximación á lingua escrita:**

- Utilización da linguaxe escrita como medio de comunicación.
- Comparación de imaxes establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais percibindo semellanzas e diferenzas entre elas.
- Utilización axustada da información que proporcionan os diferentes soportes da lingua escrita: libros, revistas, carteis...
- Control da direccionalidade nas actividades gráficas.

Achegamento á literatura:

- Interese e gusto por producir textos con trazos cada vez máis preciso e lexibles.
- Achegamento aos textos da súa tradición cultural, comprendéndoos e reproducíndoos.(contos, poesías, refráns, cancións, adiviñas, trabalinguas...)
- Recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Deleite coa audición de contos e poemas.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado .
- Valoración da biblioteca como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

Bloque 2.- Linguaxe artística: plástica-musical-corporal

- Producción de obras plásticas, musicais e dramáticas que desenvolvan a creatividade.
- Utilización dos diversos materiais e técnicas da expresión plástica para realizar obras que desenvolvan a súa creatividade.

- Recoñecemento das cores necesarias para obter outra cor.
- Control da direccionalidade en actividades gráficas.
- Gusto e gozo coas actividades plásticas.
- Interese por coñecer os útiles e técnicas da expresión plástica.
- Respecto cara ás obras plásticas dos demais.
- Pracer ó experimentar coas cores.
- Identificación dos sons do corpo, do contorno e dalgúns instrumentos musicais.
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Pracer coas actividades musicais.
- Actitude de escoita nas interpretacións musicais e dramáticas.
- Interese por coñecer e manexar instrumentos musicais.
- Actitude de curiosidade polos sons do contorno.
- Uso e deleite das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.
- Dramatización de textos literarios.
- Control da respiración en actividades de movemento e relaxación.
- Representación individual e colectiva de obras inventadas ou coñecidas.
- Interpretación de mensaxes corporais expresadas por outros.

Bloque 3.- Linguaxe audiovisual

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos animados, videoxogos...).

- Distinción progresiva entre a realidade e a representación virtual.
- Achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.

COMPETENCIAS

Unha das nosas finalidades é proporcionarlles aos nenos e ás nenas unha educación completa, que abrangue os coñecementos e, dado o carácter preparatorio da Educación Infantil, algunhas das competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual que lles permitan desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule nos pequenos e nas pequenas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos. A adquisición destas competencias permitirá o desenvolvemento da capacidade dos alumnos e das alumnas para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a capacidade para resolver os conflitos que se lles presenten na súa vida cotiá. A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles. Constitúen un elemento curricular máis, pero non se engloban dentro de ningunha área curricular concreta; teñen un carácter globalizador e integrador polo que consideramos importante incluílas xa desde a etapa da Educación Infantil.

Traballaránse as seguinte competencias básicas :

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Expresar e comprender mensaxes orais.
- Observar e describir debuxos, láminas, fotografías, carteis, pictogramas...
- Comprender a información de lidos polos adultos.
- Comezar a coñecer e a utilizar as regras básicas do funcionamento da lingua.

- Utilizar as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e na lectura.
- Utilizar estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender ó ton da voz, á entoación, ás pausas, ós xestos...
- Memorizar e recitar pequenas poesías, refráns, trabalinguas e cancións.
- Expresar diferentes emocións: alegría, tristeza, enfado, coraxe, entusiasmo, pracer...
- Saber dialogar sobre os diferentes temas relacionados cos seus intereses e formar
- progresivamente xuízos críticos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Iniciarse na utilización da linguaxe matemática para expresar ideas.
- Manipular obxectos e descubrir as súas calidades e establecer relacións sinxelas entre eles.
- Interpretar e aplicar distintos tipos de información matemática para a resolución de problemas relacionados coa vida cotiá.
- Empregar razoamentos matemáticos para enfrontarse a situacións novas.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Observar o seu medio próximo e interactuar con el.
- Percibir no seu medio físico, algúns dos cambios que nel se producen.
- Observación, a manipulación e a exploración para coñecer mellor os seres vivos do medio que o rodea.
- Resolver problemas, na medida das súas posibilidades, interactuando co medio próximo.
- Coñecer algúns dos efectos que produce a súa actuación no medio.
- Iniciarse na comprensión dos sucesos que acontecen no medio sendo capaces de predicir progresivamente algunhas consecuencias.

- Respectar plantas, animais, obxectos...
- Orientarse nos espazos onde desenvolve a súa actividade cotiá na escola e no fogar.
- Identificar algúns membros dos primeiros grupos sociais, algúns profesionais, algúns elementos urbanos e naturais, algúns medios de comunicación e transporte e algunhas manifestacións culturais.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- Adquirir os coñecementos, as habilidades e as destrezas básicas necesarias para a utilización do ordenador dispoñible na aula, no centro ou na casa.
- Utilizar, de maneira guiada, algúns xogos educativos de ordenador.
- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos mediante diferentes recursos e técnicas.
- Comezar a coñecer diferentes tipos de información e de linguaxes.
- Comezar a aproveitar a información facilitada polas novas tecnoloxías.
- Dominar sinxelos xogos interactivos de ordenador.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Coñecer algunhas obras artísticas e culturais do seu medio. (Este curso traballamos o ARTE)
- Interesarse polos pequenos problemas que lles xorden ás súas compañeiras e compañeiros.
- Comezar a desenvolver as habilidades necesarias para traballar en grupo.
- Desenvolver hábitos de comportamento adecuados e adaptados aos diferentes contextos nos que se desenvolve.
- Aceptar normas de convivencia. (Emprego da mascariña)
- Adaptarse á rutina da vida escolar.

- Desenvolver habilidades sociais que lle permitan relacionarse, convivir cos demais, cooperar e traballar en equipo: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo, poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais...

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- Comezar a utilizar diferentes medios de expresión musical, plástica, corporal, visual, para expresar ideas, sentimentos, desexos, preferencias, necesidades, emocións e intereses.
- Nas actividades plásticas realizadas en grupo, tomar conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a iniciativa persoal, a sensibilidade e o sentido estético.
- Comprender e representar imaxes con diferentes materiais plásticos.
- Utilizar o corpo como un elemento expresivo máis.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais e artísticas do seu medio. (O MUSEO)
- Comezar a desenvolver destrezas e habilidades para saber percibir e comprender producións artísticas e culturais.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Saber pedir-lles axuda aos seus compañeiros e compañeiras ea os adultos sempre que necesite.
- Saber aplicar o que aprende para desenvolverse na vida cotiá.
- Ser capaces de analizar, razoar e comunicar progresivamente as súas ideas de forma adaptada á idade.

- Utilizar os recursos e materiais de forma axeitada.
- Basearse no que xa sabe para aprender cousas novas.
- Desenvolver estratexias para favorecer o desenvolvemento da atención, a
- Observar, explorar e manipular obxectos.

COMPETENCIA PARA A AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Ser cada vez máis responsable, perseverante, autocrítico, con iniciativa persoal, creativo...
- Ser responsable coas pequenas decisións que toma.
- Ser capaz de comezar a buscarlles solucións aos pequenos problemas que aparecen na súa vida cotiá.
- Ser autónomo para ir ao cuarto de baño.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Progresar nas súas habilidades motrices de carácter fino. Empregar axeitadamente e coidar os utensilios propios de cada técnica.
- Saber solicitar, agradecer e despedirse seguindo as pautas que establece o intercambio lingüístico. (Levantar a man para falar)
- Producir mensaxes máis complexas.
- Comprender, interpretar e producir imaxes.
- Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos..., mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Construír frases afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas cunha estruturación correcta para a súa idade.

- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Memorizar pequenos textos.
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.
- Amosar actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Iniciarse na lectoescritura.
- Coñecer os cambios que se producen no medio relacionados co clima.
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto cara ó medio natural.
- Afianzar a súa autonomía no ámbito escolar e familiar.
- Valorar tódalas profesións do seu medio próximo.
- Coñecer as características morfolóxicas e funcionais de animais e plantas de medios próximos e afastados.
- Clasificar obxectos atendendo ós atributos aprendidos.
- Coñecer algúns sinais de identidade doutras culturas presentes no seu medio.
- Asimilar e aplicar as normas de seguridade viaria.
- Comportarse axeitadamente nos lugares destinados á diversión e ó lecer.
- Coñecer algúns medios de comunicación e información.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento curricular que contribue a mellora educativa. É unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo. Permitíranos obter información sobre como se está desenvolvendo o proceso educativo para poder intervir adecuadamente. Deberá facerse en termos que describan os progresos que realizan e a dificultade que atopan para dar unha resposta adaptada as necesidades particulares.

A avaliación atenderá a todos os ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno/a.

A avaliación debe ser **global**, por que se referirá o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel; **continua**, porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas; **formativa**, porque proporcionará unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

INTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

A técnica de avaliación máis apropiada é a observación directa e sistemática. Mediante ela podemos constatar os coñecementos que van construíndo os nenos a partir dos que xa posuían; se é adecuada a actuación didáctica, a organización do espazo, a distribución do tempo, os agrupamentos, as formas de relación entre eles e cos adultos, as estratexias e materiais utilizados.

Partiremos dunha avaliación inicial, na que se rexistra durante os primeiros días os datos obtidos dunha entrevista cos pais/nais, da información proporcionada do colexio anterior (no caso de vir doutro centro), os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que teñan importancia para o proceso educativo. Todo isto recolleráse nun rexistro da avaliación inicial.

A avaliación final é necesaria como culminación do proceso educativo, con ela valoraremos o grao de consecución respecto ós obxectivos marcados obtidos por cada alumno/a.

DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN FINAL

- Rexistro de avaliación ao final de cada unidade didáctica ou proxecto.
- Rexistros de avaliación trimestral.
- Rexistros de avaliación individual de cada nivel.

METODOLOXÍA DIDACTICA

Principios metodolóxicos nos que nos baseamos:

- **Aprendizaxe significativa;** partindo dos coñecementos previos dos nenos/as conectando cos seus intereses e necesidades e con actividades atractivas para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo.
- **Globalización;** trátase dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer, que lle permita establecer relacións e construír significados máis amplos e diversificados.
- **Ensinanza activa;** os nenos/as deberán ser protagonistas da súa propia aprendizaxe desenvolvendo a creatividade, imaxinación e a capacidade de observación; sendo o xogo o principal vehículo para que relacionen e aprendan da realidade que os rodean. Non esqueceremos que a interacción con outros nenos/as axudaráos no seu proceso social, afectivo e intelectual.
- **Traballo en grupo;** potencia a participación e mellora a capacidade de expresión para un bó desenvolvemento cognitivo e emocional. Mentres non varíe a situación epidemolóxica que marcará este curso, o traballo grupal, virá marcado por pequeno grupo de 3 ou 4 membros e sempre con componentes fixos.
- **Motivación;** é absolutamente necesario que os nenos/as se sintan atraídos cara á aprendizaxe, por medio da exploración, manipulación e observación; creando situacións apropiadas de comunicación verbal, plástica e psicomotriz; estimulandoos afectivamente con gabanzas e premios que eleven a súa autoestima. Para iso é importante que os obxectivos, contidos e actividades teñan un nivel axeitado aos seus intereses.

- **Socialización**; traballando pola superación do egocentrismo proponendo actividades en grupo onde os nenos/as aprendan comportamentos e normas, así como a compartir, a respectar, a participar e a relacionarse cos demais.
- **Participación da familia**; requirindo a colaboración das familias para darlle unha continuidade ao que se fai na escola, procurando ter unha comunicación fluida para ter criterios comúns e pautas de actuación homoxéneas.
- **Novas tecnoloxías informáticas**; como elemento motivador, para favorecer o traballo en grupo, para posibilitar a aprendizaxe por descubrimento, o desenvolvemento da curiosidade, e potenciar a capacidade de abstracción.
- **A organización do tempo**; combinando tempos de descanso con periodos de traballo; e as actividades de grupo e individuais, que lles servirán aos nenos/as a interiorizar a noción do tempo.
- **A organización do espazo**; Este curso a organización dos espazos nas aulas de infantil veñen marcadas polos grupos burbulla que nos impiden unha manipulación tradicional dos materiais, pois temos que contar coas cuarentenas e desinfección, polo que os currunchos verán limitada e condicionada a súa tarefa e desenvolvemento.

Toda a metodoloxía estará enfocada a consecución das Competencias Básicas, permitirá o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e nos seus coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a capacidade para resolver os conflitos que se lle presenten na súa vida cotiá.

PROGRAMACION DA EDUCACION EN VALORES.

O longo de todo o ciclo contemplamos o desenvolvemento de obxectivos, contidos e actividades encamiñadas a promover os valores fundamentais. Algúns obxetivos a destacar serán:

- Contribuir a socialización do alumnado, proporcionando una educación en valores.
- Potenciar o desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social. Incidir nos hábitos de hixiene e comportamento social que a situación sanitaria require actualmente.
- Tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións.
- Ensinar a afrontar as dificultades cotiás con esforzo e ilusión.

-Ser capaz de resolver conflitos de forma pacífica fomentando o diálogo e a empatía.

Como contidos neste tipo de educación podemos atopar os seguintes:

-A autoestima, aceptación e confianza en si mesmo.

-Participación no grupo e no establecemento de normas.

-Pautas de convivencia na escola e na familia.

-Axuda e colaboración cos seus iguais e adultos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Cando falamos de alumnado con necesidades educativas específicas, referímonos a nenos/as que proceden doutros países e doutras culturas, ós que posúen altas capacidades intelectuais e aqueles con atraso no seu desenvolvemento e maduración (ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos).

Para dar resposta a estes alumnos/as empregaremos estratexias como:

- Modificación do tempo das aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferencias individuais do alumnado.

CONCRECIÓN DO PLAN TIC

Na etapa da educación infantil deberán iniciarse no uso de diversos instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxen e son..., e no coñecemento de diferentes produccions audiovisuais, valorando progresivamente os seus contidos e tomando conciencia da necesidade de utilizalos moderadamente.

Este curso faremos maior incidencia nas Tics xa que a experiencia do confinamento no curso pasado, elevou a necesidade imperiosa o emprego das redes e dos recursos informáticos para superar dificultades de comunicación para afrontar as clases non presenciais, sempre que se produza a posible corentena de casos positivos na aula.

Propoñemos traballar co ordenador a través de materiais incluídos en CDs adecuados a cada curso que propoñan un conxunto de actividades, xogos, exercicios divertidos, atractivos, baseados no debuxo infantil, que incite aos nenos/ as a resolver situacións de pequenos conflitos e fácil resolución, gratificante e motivadora. En definitiva consiste en xogar e aprender utilizando o ordenador.

En canto aos obxectivos plantexados para educación infantil son:

- Favorecer un uso máis educativo dos medios.
- Desenrolar actitudes de respecto e interese ante as novas tecnoloxías.
- Convertir Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe do noso alumnado.
- Descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso destes medios.
- Potenciar a integración do alumnado con necesidades mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- Coñecer e nomear os diferentes elementos que componen o ordenador e a función de cada un deles.

CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGUISTICO

Como ciclo participamos de xeito activo nas propostas do Equipo de Dinamización da Língua Galega. Tamén respectando as pautas dadas pola Lei do Uso e Emprego da Língua Galega.

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos que un dos obxectivos básicos da ensinanza é o de formar consciencias críticas, persoas capaces de pensar por sí mesmas, que lles permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, e que estimule neles o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por sí mesmos.

Esta tarefa debe comenzar a levarse a cabo desde as idades máis temperás, pois sabemos que unha correcta actuación pedagóxica nestes niveis permitirá que o alumnado conte co fundamento principal para a súa posterior aprendizaxe e desenvolvemento funcional na sociedade.

Para lograr o obxectivo citado darémoslle grande importancia as actividades de grupo:

- Diálogos en asamblea
- Actividades diversas en pequenos grupos de traballo.
- Traballo por recunchos.
- Recuncho do diálogo, onde os conflitos resolvense a través do diálogo, tentando ver as dúas partes do problema, atopando solucións entre todos.

E ademáis levaremos a cabo outras actividades como:

- Aplicación de actividades de acollida de novos alumnos e familias.
- Aportación das familias na vida do Centro, a través da ANPA e das distintas colaboracións cos grupos/clase.
- Organización equilibrada na utilización de espazos e tempos: recreos, entradas e saídas, tempos de actividade, cambios de clase.
- Realización de actividades de Centro que propicien a participación de todos e fomenten valores de respecto, tolerancia e cooperación mutua.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Contaremos con diversos recursos didácticos dentro das aulas axeitados aos tipos de contidos, ás características específicas de cada contexto educativo e polo tanto ás características individuais do alumnado. Serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de emprego en función das necesidades de cada situación e momento. Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural co senso de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que os nenos/as teñen ao seu dispor creando así un ambiente significativo para eles.

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

O profesorado deberá avaliar a súa propia práctica educativa co fin de adecuala as necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación, dos obxectivos e dos contidos presentados, das relacións de comunicación e do clima en que se desenvolven as actividades, do grao de atención educativa personalizada, e de todos os aspectos que deben recibir a debida atención.

INCORPORACIÓN DE PROPOSTAS PARA ESTE CURSO.

Como todos os anos participaremos no proxecto de centro, que este ano estará adicado a coñecer Vigo e que denominamos ``VIGUEANDO'', tamén tentaremos, sempre que se poida e respetando as medidas de hixiene e seguridade que a lexislación marca, traballar na horta, en mesas de cultivo e participando coa asociación "Amigos da Terra" a través de colaborar na "Rede de Hortas Escolares Ecolóxicas de Vigo", proxecto para o que este curso contamos cunha coordinadora no ciclo de Infantil, Julia Losada e outra no ciclo de Primaria.

A Coordinadora de Ciclo de ed. Infantil

Dna. Francisca Bautista Montero